

ACORDO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DUN CONCERTO NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA TITULADO “ÓPTICAS CONTEMPORÁNEAS”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 14 de novembro de 2024 un acordo de colaboración co obxecto da realización dun concerto pola REAL FILHARMONÍA DE GALICIA titulado “As catro estación recompostas! no marco do ciclo de música “Ópticas contemporáneas” o día 16 de novembro de 2024 , ás 20:00h, no Andar -1 do Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia é una entidade sen ánimo de lucro, que ten por obxecto a *“creación, explotación e promoción de areas ou centros de conservación, produción, exhibición y consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural”*.

Para a consecución dos fins mencionados no parágrafo anterior, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

a) *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.[...]*



d) *Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a **difusión e conservación da nosa cultura**, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base. [...]*

e) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial **énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada**. [...]*”

Así mesmo, no II Plan Estratéxico fixa como liña de acción para o período 2022-2027 a Acción 3.1.1 Colaboración co sector cultural galego, que busca a coordinación formal e informal con entidades do tecido cultural galego, consolidando a Cidade da Cultura como recurso para o sector, fomentando proxectos colaborativos e traballo en rede, tanto que enriqueza a nosa acción cultural coma as doutras entidades.

Aínda que a formalización deste acordo, pola súa propia natureza non da lugar á realización de investimentos reais, pois non se poden materializar en activos, sen embargo si poden considerarse como investimentos de carácter inmaterial pois están incrementando o valor das actuacións realizadas nunha materia directamente relacionada ca propia Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Polo tanto , coa sinatura do convenio se está a adquirir un activo inmaterial para o sector público autonómico.

Polo anterior, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia entende como fundamental a colaboración con outras entidades de referencia no eido cultural, como é o caso do CONSORCIO que representa á orquestra REAL FILHARMONÍA DE GALICIA.



O CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO ten como fins esenciais, entre outros, os de servir de apoio administrativo e de xestión ao Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela para o mellor cumprimento dos seus fins propios, así como asegurar o mantemento e a adecuada xestión das instalacións, equipamentos e servizos. Representa á orquestra REAL FILHARMONÍA DE GALICIA, unha agrupación formada por 50 músicos e considerada como un dos proxectos musicais referentes da comunidade galega.

O CONSORCIO está constituído pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia, e o Concello de Santiago de Compostela, quedando adscrito á Administración Xeral do Estado, en virtude do previsto no artigo 120.2.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Visto o anterior, o CONSORCIO e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia estiman oportuno formalizar un acordo de colaboración para a realización dun concerto titulado “As catro estación recompostas! no marco do ciclo de música “Ópticas contemporáneas” organizado pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

